

NOTIFICACIÓN

POÑO NO SEU COÑECEMENTO QUE A ALCALDÍA DO CONCELLO DE NEGREIRA DITOU CON DATA DE 22-09-2023, O DECRETO NÚMERO 270/2023 SENDO O SEU CONTIDO O SEGUINTE:

“DECRETO

ASUNTO: Bolsa emprego público temporal para a substitución de auxiliares de axuda no fogar (persoal laboral temporal)
EXPEDIENTE: 2023/G003/000285

Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira, na provincia da Coruña

Unha vez rematado o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego público temporal para a substitución de auxiliares de axuda no fogar (persoal laboral temporal) conforme ás bases aprobadas polo Decreto de Alcaldía número 68/2023, de data 15 de marzo de 2023 e publicadas no BOP da Coruña nº 56 de data 22 de marzo de 2023

Tendo en conta as actas do Tribunal de valoración de datas 12 de setembro de 2023 e 19 de setembro de 2023.

Esta Alcaldía, en cumprimento das facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de data 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e demais disposicións concordantes e de aplicación,

RESOLVO,

Primeiro.- Formar unha bolsa de traballo de persoal temporal de auxiliar de axuda no fogar para substitucións en supostos de ausencia, incapacidade, vacacións ou para atender servizos esporádicos temporais, estacionais ou urxentes que non poidan prestarse con persoal existente, todo elo de acordo co establecido nas Bases aprobadas polo Decreto de Alcaldía número 68/2023, de 15 de marzo de 2023.

Segundo.- A referida bolsa estará composta, por orde correlativo de preferencia polas persoas que seguidamente se enumeran:

ORDE- NOME E APELIDOS	DNI (*)	PUNTUACIÓN
1. María Goretti Martínez Díaz	*****73X	10,00
2. María Dolores Cerquides Otero	*****92D	3,60

3. María Dolores Souto Rial	*****41S	3,10
4. Amaya García López	*****70L	1,00
5. Laura Fernández Guerra	*****92K	1,00
6. María Rosa Ramos Freita	*****81L	0,10
7. Yessica Hombre Calviño	*****64N	0,00
8. María Soledad Vidal Rodríguez	*****00A	0,00
9. Hermosinda Martínez Martínez	*****60Q	0,00
10. Ana Belén Fernández Casais	*****76C	0,00

Terceiro.- Que se expoña ao público a devandita lista no taboleiro e na páxina web municipal do Concello de Negreira aos efectos de dar cumprimento ao disposto na Base 10ª das que rexen o presente proceso.

Negreira, na data da sinatura electrónica

O alcalde
Manuel Ángel Leis Míguez

Ante min,
A Secretaria accidental
Patricia Barreiro Casal

”-----

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por: A).- Interpór con carácter potestativo recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo de un (1) mes, contado desde o día seguinte ó da notificación do presente acordo. Neste caso (interposición do recurso potestativo de reposición) non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). O prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do mesmo orde xurisdiccional do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, será: a).- De dous (2) meses contados desde o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición. b).- Se non fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado. Todo isto de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. B) Interpór, directamente, recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do mesmo orde xurisdiccional do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente Resolución. C).- Calquera outro recurso que estime pertinente.

O que poño no seu coñecemento ós efectos oportunos.

En Concello de Negreira, á data da sinatura electrónica.
A Secretaria accidental
Patricia Barreiro Casal